

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2020-2021

1. DATOS DO CENTRO

Código	Denominación	
36024276	Cmus. Profesional de Cangas Emus. "Mestre Inocentes Camaño"	
Enderezo		C.P.
Avda. de Lugo, 27		36940
Localidade	Concello	Provincia
Cangas	Cangas	Pontevedra
Teléfono	Correo electrónico	
986304158	cmus.profesional.cangas@edu.xunta.gal	

2. MEMBROS DO EQUIPO COVID

Teléfonos de contacto			986304158 687035946
Membro 1	M ^a Jesús Torres Estarque	Cargo	Directora
Tarefas asignadas	-Nomear membros e suplentes no equipo COVID -Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. -Coordinación do equipo COVID. -Xestionar a adquisición de material de protección necesario. -Comunicación de casos.		
Membro 2	Rosario Entenza Mallo	Cargo	Xefa de Estudos
Tarefas asignadas	-Xestión de compras. -Distribución. -Coordinación do profesorado. -Elevar as propostas do profesorado.		
Membro 3	Josepe Andoni Conde Villar	Cargo	Secretario
Tarefas asignadas	-Inventario. -Listaxe. -Garantir a difusión da información ao profesorado e ás familias.		

3. CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

Centro	CENTRO DE SAÚDE DE CANGAS	Teléfono	986392231
Contacto	Benigno Villoch Salgueiro		

4. ESPAZO DE ILLAMENTO COVID E ELEMENTOS DE PROTECCIÓN

-Cabina nº3 situada no soto.

-Estará dotada de material de protección individual, como luvas e máscaras. Disporá tamén de panos desbotables, papeleira con pedal e tapa e dispensador de xel hidroalcohólico.

5. NÚMERO DE ALUMNADO POR NIVEIS

Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os cursos, priorizándoa para o alumnado de menor idade.

A suspensión xeralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da comunidade autónoma, unicamente se contemplará diante de situacións excepcionais.

CONSERVATORIO	
1ºGE	16
2ºGE	14
3ºGE	8
4ºGE	11
1ºGP	12
2ºGP	15
3ºGP	14
4ºGP	9
5ºGP	12
6ºGP	4

ESCOLA DE MÚSICA	
MÚSICA E MOVEMENTO	70
INICIO	18
BÁSICO 1	13
BÁSICO 2	14
INTERMEDIO	18
AVANZADO	7

CORO SEN LM	27
SÓ INSTRUMENTO	58

6. CADRO DE PERSOAL DO CONSERVATORIO/ESCOLA

PERSOAL DOCENTE	11
PERSOAL NON DOCENTE	3

7. MEDIDAS ESPECÍFICAS SANITARIAS PARA TODO O ALUMNADO

CHEGADA DO ALUMNADO AO CENTRO

Condicións sanitarias de acceso

- Antes de chegar ao centro, alumnado e profesorado realizarán unha autoavaliación dos síntomas COVID e medición de temperatura (**moi importante**). Ver o **ANEXO 1**.
- Non poden acceder ao centro alumnado ou profesorado con síntomas compatibles ca COVID-19.
- Tampouco deberá acudir ao centro alumnado ou profesorado con persoas sospeitosa de padecer a COVID-19 no seu entorno familiar ou á espera de resultados de PCR por sospeita clínica.
- Alumnado e profesorado chegarán ao centro portando a súa máscara.
- A hixiene de mans realizarase ao entrar na aula e ao saír da mesma, sempre e cando non se poda facer tamén no dispensador de xel hidroalcohólico da entrada e sempre despois de ir ao aseo.
- As familias evitarán aglomerarse nas entradas e saídas.

Acceso ás aulas

- O alumnado e profesorado accederá ao centro pola porta principal e sairá pola porta de emerxencias.
- As familias non poderán acceder ao centro educativo.
- Nos corredores e escaleiras deberá respectarse o sentido de circulación sinalizado.
- O alumnado entrará na aula portando a súa máscara e unha de reposto dentro dunha bolsa plástica.
- A hora de entrada á aula será a especificada no **ANEXO 2** para cada grupo nas materias colectivas. As familias atenderán a este horario coa máxima puntualidade, tanto na entrada como na saída, evitando que o alumnado se concentre nos espazos comúns á espera de entrar na súa clase.

- No caso do alumnado que teña tempos mortos entre dúas clases poderán quedarse na aula do seu titor de instrumento sempre que a ocupación da aula o permita ou co profesor de garda.
- As sesións de 1 hora reduciranse a 50 minutos para ventilar as aulas por un espazo de 10 minutos nos cambios de clase. Naqueles casos nos que o alumnado teña dúas clases seguidas na mesma aula, permanecerán sentados na súa cadeira durante estes 10 minutos de ventilación.
- O profesorado vixiará polo correcto funcionamento das normas durante os cambios de clase.
- Ao chegar á aula, o alumnado hixienizará as súas mans nos dispensadores de xel hidroalcohólico que hai en cada aula, deixará a súa roupa no percheiro e levará a cabo unha desinfección da súa cadeira cun desinfectante que aplicará o profesorado e un pano de papel desbotable proporcionado polo profesorado que manexará o propio alumnado.
- Asignaranse trimestralmente postos fixos ao alumnado, co obxectivo de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

DENTRO DA PROPIA AULA

Dotación de material COVID en cada aula

En cada aula haberá:

- Dosificador de xel hidroalcohólico.
- Panos desbotables.
- Papeleira con pedal onde se botarán exclusivamente:
 - Máscaras.
 - Panos hixiénicos empregados polo alumnado para secrecións.
 - Panos hixiénicos empregados para a desinfección das cadeiras.

Material compartido

- Cada alumno/a terá o seu sitio asignado trimestralmente.
- Cada alumno/a debe ter o seu propio material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común, libros, libretas, partituras...), que en ningún intre se debe compartir.
- Tampouco se deben usar materiais de aula, como rotuladores de encerados. En todo caso, han de estar previamente desinfectados. Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en caixas para cada grupo, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- O uso compartido de pianos ou ordenadores por parte do alumnado require dunha desinfección previa.

Uso de máscara

- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia de seguridade interpersonal.
- É obrigatorio que o alumnado leve unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico ou bolsa plástica para gardala en caso necesario.
- A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

- Na cartelería da aula existirá unha específica que lembre a formación sobre o uso da máscara.
- O uso da máscara será obrigatorio tamén para o persoal docente e non docente.
- Os instrumentistas de vento quedan eximidos do emprego da máscara tan só nos momentos nos que estén tocando o seu instrumento.

Uso de dispositivos

- As ventás, portas, dispositivos de funcionamento de iluminación, proxectores e restantes ferramentas pedagóxicas só serán usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Aula de Novas Tecnoloxías

- O alumnado empregará en exclusividade o ordenador asignado para cada un.
- En caso de uso de ordenadores compartidos realizarase unha desinfección previa dos mesmos.

Uso de instrumentos compartidos

- O uso de instrumento compartidos, como por exemplo os pianos, require dunha desinfección previa dos mesmos.

Distancia de seguridade nas diferentes especialidades

- A distancia de seguridade interpersoal será por norma de 1.5 metros.
- Para os instrumentistas de vento e os alumnos na materia de coro, esa distancia elevarase a 3 metros.

8. CANLE DE COMUNICACIÓN DE SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE CON COVID, AUSENCIAS DE PROFESORADO E INCIDENCIAS DAS FAMILIAS

PROFESORADO:

- Vía telefónica (centro ou coordinador do equipo COVID).
- Correo electrónico: cmus.profesional.cangas@edu.xunta.gal

ALUMNADO:

- Vía telefónica ao teléfono do centro.
- Correo electrónico: cmus.profesional.cangas@edu.xunta.gal

9. PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓN DAS INCIDENCIAS ÁS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS

- Os estudantes, docentes e outros profesionais con síntomas compatibles con COVID-19 que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 ou en período de corentena domiciliaria por contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19 non acudirán ao centro.
- Esta circunstancia deberá ser comunicada ao equipo COVID do centro a través dos teléfonos COVID.

-Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-COV-2 durante a estancia dun alumno/a ou membro do persoal no centro seguiranse as instrucións proporcionadas por:

- Centro de Saúde de Atención Primaria de referencia
- Teléfono de referencia do SERGAS

-En caso de síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

-A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra ou facultativo que lle corresponda, para que este avalíe a necesidade de solicitar un test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

-De darse a aparición dun caso, ou dunha sospeita, o coordinador do equipo COVID contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade, que investigará os contactos e enviará listaxes a central de Seguimento de Contactos.

-Asimesmo, o coordinador do equipo COVID comunicará a través da aplicación específica habilitada pola Consellería de Educación “EduCovid” os posibles casos detectados, e subministrará a información precisa de cara a identificar os contactos próximos, coas debidas garantías de protección de datos.

10. CROQUES DA SITUACIÓN DOS PUPITRES NAS AULAS

Nas materias colectivas o alumnado ocupará sempre o mesmo lugar trimestralmente para facilitar a trazabilidade dos contactos. A distancia entre os postos escolares, medidos a partir do centro da cadeira será de 1.5 metros agás nas cadeiras dos alumnos de vento e práctica coral que será de 3 metros. Os planos das aulas poden consultarse no **ANEXO 3**.

11. TITORÍAS COAS FAMILIAS

As titorías coas familias levaranse a cabo baixo dúas modalidades:

- Virtual (opción preferente) a través da calquera plataforma de videoconferencia.
- Presencial a xuízo do titor/a ou da dirección do centro, para aqueles casos nas que a videoconferencia non sexa posible. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantindo a distancia social e debidas medidas de protección. Todos os asistentes á titoría levarán a máscara e farán a pertinente desinfección de mans.

En ambos casos será obrigatoria a cita previa a través do teléfono do centro.

12. CANLES DE INFORMACIÓN COAS FAMILIAS E PERSOAS ALLEAS AO CENTRO

- A canle de comunicación coa dirección do centro será preferiblemente telefónica. No caso de que non sexa posible levarase a cabo de xeito presencial previa cita garantindo a distancia social.
- Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a web do concello pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.
- Como sistema de mensaxería empregaranse os correos electrónicos das familias.

13. USO DE MÁSCARA NO CENTRO

- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.
- O incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado considerarase conduta leve contraria á convivencia.
- O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal non docente, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.
- É obrigatorio que o alumnado leve unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico ou bolsa plástica para gardala en caso necesario.
- A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.
- Informarase ás familias sobre o uso correcto da máscara, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.
- Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre o uso da máscara.
- Recoméndase o uso da máscara para o alumnado menor de 6 anos, sempre que exista boa tolerancia.

14. INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA PLAN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

- Este plan será aprobado pola dirección do centro e o seu contido será informado ao consello escolar.
- O plan difundirase a través da páxina web do concello.
- Ademáis trasladarase tamén á ANPA para que o difunda a través das súas canles habituais.

ANEXO 1

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

ANEXO 2

HORARIO DE ENTRADA ÁS MATERIAS COLECTIVAS

CONSERVATORIO

1º DE GRAO ELEMENTAL

	MÉRCORES	VENRES
17.30-18.20	LM (AULA 9)	LM (AULA 9)
18.30-19.20	EAV (AULA 9)	

2º DE GRAO ELEMENTAL

	MÉRCORES	VENRES
18.40-19.30	LM (BIBLIOTECA)	LM (BIBLIOTECA)
19.40-20.30		EAV (BIBLIOTECA)

3º DE GRAO ELEMENTAL

	MÉRCORES	VENRES
18.35-19.25		EAV (AULA 10)
19.35-20.25	LM (AULA 10)	LM (AULA 10)

4º DE GRAO ELEMENTAL

	MARTES	XOVES
18.30-19.20	LM (AULA 9)	LM (AULA 9)
19.30-20.20		EAV (AULA 9)

1º DE GRAO PROFESIONAL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.30-17.20		CX. P. 1 (AULA 9)	CX. VENT. E P. (AULA 9)	CX. P. 2 (AULA 9)	
17.40-18.30		LM (BIBLIOTECA)		LM (BIBLIOTECA)	
18.30-19.20	CX. CORDA (SALA EXPOSICIÓN)				
18.30-19.45					ORQUESTRA (ESCENARIO)
18.35-19.25					CX. GUIT. (SALA ENSAIOS)
19.30-20.20	CX. P. 3 (AULA 9)				
19.40-20.55			BIG BAND (SALA ENSAIOS)		
20.40-21.30	CORO (ESCENARIO)				

(Dependendo da especialidade instrumental cada alumno/a ten algunhas ou outras materias; no caso de existir varios horarios para a mesma materia ao alumnado corresponderalle o grupo asignado)

2º DE GRAO PROFESIONAL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.30-17.20		CX. P. 1 (AULA 9)	CX. VENT. E P. (AULA 9)	CX. P. 2 (AULA 9)	
17.30-18.20		LM (AULA 9)		LM (AULA 9)	
18.30-19.20	CX. CORDA (SALA EXPOSICIÓN)				
18.30-19.45					ORQUESTRA (ESCENARIO)
18.35-19.25					CX. GUIT. (SALA ENSAIOS)
19.30-20.20	CX. P. 3 (AULA 9)				
19.40-20.55			BIG BAND (SALA ENSAIOS)		
20.40-21.30	CORO (ESCENARIO)				

(Dependendo da especialidade instrumental cada alumno/a ten algunhas ou outras materias; no caso de existir varios horarios para a mesma materia ao alumnado corresponderalle o grupo asignado)

3º DE GRAO PROFESIONAL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.30-17.20			CX. VENT. E P. (AULA 9)		
18.40-19.30		HARMONÍA (BIBLIOTECA)		HARMONÍA (BIBLIOTECA)	
18.30-19.45					ORQUESTRA (ESCENARIO)
18.35-19.25					CX. GUIT. (SALA ENSAIOS)
19.30-20.20	CX. P. 3 (AULA 9)	N.TEC. A (AULA 12)		N.TEC. B (AULA 12)	
19.40-20.55			BIG BAND (SALA ENSAIOS)		
20.40-21.30	CORO (ESCENARIO)				

(Dependendo da especialidade instrumental cada alumno/a ten algunhas ou outras materias; no caso de existir varios horarios para a mesma materia ao alumnado corresponderalle o grupo asignado)

4º DE GRAO PROFESIONAL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.30-17.20					ACOMP. (AULA 7)
18.30-19.45					ORQUESTRA (ESCENARIO)
18.35-19.25					CX. GUIT. (SALA ENSAIOS)
19.30-21.20		Hª. MÚSICA (AULA 9)			
19.40-20.30	HARMONÍA (BIBLIOTECA)			HARMONÍA (BIBLIOTECA)	
19.40-20.55			BIG BAND (SALA ENSAIOS)		
20.40-21.30	CORO (ESCENARIO)				

(Dependendo da especialidade instrumental cada alumno/a ten algunhas ou outras materias)

5º DE GRAO PROFESIONAL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.25-17.15	M. CÁMARA 3 (AULA 4)				
16.30-17.20	M. CÁMARA 2 (AULA 9)				
16.35-17.25					M. CÁMARA 4 (AULA 4)
17.35-19.25	Hª. MÚSICA (AULA 9)				
17.40-18.30			ANÁLISE (BIBLIOTECA)		ANÁLISE (BIBLIOTECA)
18.30-19.45					ORQUESTRA (ESCENARIO)
18.30-19.20					ACOMP. (AULA 7)*
18.35-19.25			M. CÁMARA 6 (SALA ENSAIOS)	M. CÁMARA 1 (SALA ENSAIOS)	
19.40-20.30					
19.40-20.55			BIG BAND (SALA ENSAIOS)		
20.40-21.30	CORO (ESCENARIO)				

ESTÁ PENDENTES DE ASIGNAR HORARIO O GRUPO DE MÚSICA DE CÁMARA Nº5.

*OS ALUMNOS DE GUITARRA ASISTIRÁN Á CLASE DE ACOMPAÑAMENTO DE 4º.

(Dependendo da especialidade instrumental cada alumno/a ten algunhas ou outras materias; no caso de existir varios horarios para a mesma materia ao alumnado corresponderalle o grupo asignado)

6º DE GRAO PROFESIONAL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.30-17.20	M. CÁMARA 2 (AULA 9)				
16.40-17.30		F. INTERPRET. (BIBLIOTECA)		IMPROVISACIÓN (BIBLIOTECA)	
17.35-18.25		ANÁLISE (AULA 4)		ANÁLISE (AULA 4)	
18.30-19.45					ORQUESTRA (ESCENARIO)
18.35-19.25			M. CÁMARA 6 (SALA ENSAIOS)	M. CÁMARA 1 (SALA ENSAIOS)	
19.30-20.20					ACOMP. (AULA 7)
19.40-20.55			BIG BAND (SALA ENSAIOS)		
20.40-21.30	CORO (ESCENARIO)				

(Dependendo da especialidade instrumental cada alumno/a ten algunhas ou outras materias; no caso de existir varios horarios para a mesma materia ao alumnado corresponderalle o grupo asignado)

ÍNDICE DE ABREVIATURAS:

LM - LINGUAXE MUSICAL

EAV - EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL

CX. CORDA - CONXUNTO CORDA

CX. VENT. E P. - CONXUNTO VENTO E PIANO

CX. GUIT. - CONXUNTO GUITARRA

CX. P - CONXUNTO PIANO

N. TEC. - NOVAS TECNOLOXÍAS

Hª. MÚSICA - HISTORIA DA MÚSICA

ACOMP. - ACOMPAÑAMENTO

M. CÁMARA - MÚSICA DE CÁMARA

F. INTERPRET. - FUNDAMENTOS DE INTERPRETACIÓN

ANEXO 3

(PENDENTE DE REALIZAR NAS PRIMEIRAS SEMANAS DE CLASE)